

COMPARECENCIA DO ALCALDE

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

Vista a solicitude do grupo municipal AER que se transcribe a continuación: “A última Comisión de Seguimento das Obras do AVE foi o 20 de xuño de 2012. Consideramos que case un ano despois é necesario volver convocar outra xuntanza. Gustaríanos saber en que situación está o proxecto do paseo polo Val do Maceiras e como están as reclamacións feitas polos veciños. Por todo o anterior, e ao abeiro do artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, a Agrupación de Electores de Redondela solicita a comparecencia do alcalde para que nos dea as explicacións oportunas.”

O Alcalde sinala que teñen que fixar a data para celebrar a comisión e resume as actuacións levadas a cabo. En canto ao paseo do Val do Maceiras di que hai dificultades económicas para afrontar ese proxecto e que ao mellor pódense ir facendo melloras en tramos.

O concelleiro Varela Couñago di que a xente está xa moi farta porque non se lle fixo caso.

O Alcalde di que o problema abórdouse de xeito positivo o que pasa é que chega un momento en que o Concello non pode ir máis aló e sinala que o concelleiro Cándido Vilaboa traballou moito neste sentido.